

CIRCULAR DE OUTUBRO DE 2022

A TODAS AS FAMILIAS DE ALUMNOS/AS

Unha vez iniciado o curso escolar 2022/23 e co fin de propiciar a necesaria relación entre os membros desta Comunidade Educativa, poñemos á vosa disposición a seguinte información:

1.- REUNIÓN INFORMATIVAS

Este curso as reunións informativas de inicio de curso cos titores/as volverán a ser de xeito presencial. Ademais os martes pola tarde, en horario de 17:00 a 18:00, levaranse a cabo as titorías coas familias para as que será imprescindible concertar previamente cita co titor/especialista (podedes escoller vía presencial ou telefónica).

2.- AVALIACIÓN

As familias accederán ás cualificacións do alumnado empregando a aplicación ABALARMOBIL nas seguintes datas:

1ª Avaliación – 22 de decembro de 2022.

2ª Avaliación – 31 de marzo de 2023.

3ª Avaliación – 21 de xuño de 2023.

3.- HORARIO ESCOLAR

Durante o curso o horario será de 9:00 a 14 horas.

4.- PERIODOS VACACIONAIS

- VACACIÓN DE NADAL : do 23 de decembro ao 8 de xaneiro (ámbolos dous incluídos).
- FESTAS DE ENTROIDO: 20, 21, 22 de febreiro.
- VACACIÓN DE SEMANA SANTA: do 3 ao 10 de abril (ámbolos dous incluídos).
- DÍA DO ENSINO: 31 de outubro.
- DÍA NON LECTIVO: 2 de maio. (Pendente de aprobación)
- O último día deste curso 2022-23 no que haberá clase será o 21 de xuño.

5.- FALTAS DE ASISTENCIA E/OU PUNTUALIDADE.

ROGAMOS PUNTUALIDADE porque prexudica o normal funcionamento da actividade lectiva.

OS MESTRES TEÑEN A OBRIGA DE LEVAR UN REXISTRO DE FALTAS DE ASISTENCIA / PUNTUALIDADE, que recibiredes a través da aplicación Abalarmobil.

Cando un alumno/a, por calquera motivo, se ausente durante unha xornada escolar, deberedes XUSTIFICAR a falta empregando a axenda escolar.

Do mesmo xeito se un alumno/a precisa saír do centro en horario escolar, deberá facelo co permiso do titor/a e farao sempre acompañado do seu pai/nai ou persoa debidamente autorizada.

Ademais a persoa que o recolla/deixe debe cubrir unha folla de rexistro que atoparedes na mesa da entrada do edificio principal.

6.- CONTROL DAS PERSOAS QUE ACCEDEN A O CENTRO.

De acordo coa orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regula o funcionamento dos Centros de Educación Infantil e Primaria, "NON SE PODERÁ ACCEDER AOS ESPACIOS DIDÁCTICO-PEDAGÓXICOS, INCLUIDOS CORREDORES, DURANTE AS HORAS DE CLASE SEN A DEBIDA AUTORIZACIÓN.

7.- VISITAS AOS MEMBROS DO EQUIPO DIRECTIVO. (Deberán ser concertadas con antelación)

Directora:

martes de 13:10-14:00
mércores de 9:00-11:00
xoves de 11:00-13:00

Xefe de estudos:

luns de 9:00-10:00
martes de 11:00-13:00
venres de 09:00-10:00

Secretaria:

luns de 10:00-11:00
xoves de 10:00-11:00
venres de 11:00-12:00

8- HORARIO DO ADMINISTRATIVO de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.
TELÉFONO 886 11 04 33

9.- CELEBRACIÓN DE ANIVERSARIOS.

No centro non se permite o reparto de invitacións de festas de aniversario.

Se queredes que o alumnado comparta cos seus compañeiros/as da aula algún doce / larpeirada / agasallo deberedes contar coa autorización do titor/a da aula e ter en conta que no centro hai alumnado con alerxias alimentarias severas e intolerancias.

10.- POR CUESTIÓNS DE SEGURIDADE NON SE PERMITE O ACCESO ÁS INSTALACIÓNS DO CENTRO CON ANIMAIS DE COMPAÑÍA NIN A CIRCULACIÓN EN MONOPATÍNS, BICICLETAS OU OUTROS VEHÍCULOS.

O EQUIPO DIRECTIVO.